



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 24 DE ABRIL DE 2008

HORA: 20.30

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día VINTE E CATRO DE ABRIL DE 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reúnese o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria baixo a presidencia do Sr. Alcalde Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D^a. Ana A. Incera Ares
- Dona Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- Dona. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- Dona. María Luisa Prieto Fanego
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- Dona María Xosefa Alonso Otero

Secretario: D. Diego Ballina Díaz, secretario do Concello de Foz

Asiste tamén o interventor municipal: D. Luís Ramón Vázquez Parga

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ORDE DO DÍA

1º- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE MARZO DE 2008.-

A acta é **aprobada por unanimidade**.

2º- DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación **dáse por enterada**.

3º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á REVISIÓN DOS PREZOS VIXENTES NO CONTRATO DE XESTIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL.-

Sométese á consideración da comisión a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto o escrito remitido por dona ITZIAR TESO TERRÓN, adxudicataria da xestión da cafetería municipal no centro social de data 28 de febreiro de 2008 por el se solicitou a revisión de prezos vixentes dende a última actualización de data xullo de 2003

Visto o informe conxunto do interventor e do secretario municipal de data 7 de abril relativo ás consideracións xurídicas e económicas da revisión.

PROPOÑO

PRIMEIRO. A revisión dos prezos vixentes no contrato de xestión da cafetería municipal do Centro Social quedando do seguinte xeito, unha vez aplicado o correspondinte redondeo:

PRODUTO	PREZO ACTUAL	PREZO REVISADO
Café	0,70 €	0,85 €
Café Dobre	0,90 €	1,10 €
Cervexa	0,80 €	1 €
Ribeiro e similares	0,55 €	0,70 €
Albariño e similares	1,50 €	1,60 €
Viño Corrente	0,40 €	0,50 €
Rioja	1,50 €	1,60 €
Refrescos	1,10 €	1,30 €
Mosto	0,55 €	0,65 €
Auga	0,55 €	0,65 €

SEGUNDO. Dar conta ao interesado do presente acordo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Na comisión xa nos pronunciamos favorablemente

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: A suba que se propón nin é desmesurada nin abusiva e vén proposta dende o concesionario

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

4º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á CALIFICACIÓN E INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DOS TERREOS CEDIDOS POR CONSTRUCCIONES EMÉRITO CABALEIRO SL.-

Sométese á consideración da comisión a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto o escrito remitido por CONSTRUCCIONES EMERITO CABALEIRO SL de data 14 de marzo por el se solicitou a formalización da cesión de terreos sitos en rúa Álvaro Cunqueiro 31, Foz en cumprimento da condición fixada na licenza de obra concedida en data 25 de novembro de 2005 pola Xunta de Goberno Local do Concello de Foz.

Visto o informe do secretario municipal de data 2 de abril relativo ás consideracións xurídicas da cesión

Visto o informe do aparelador municipal no que se pon de manifesto que a cesión que se pretende realizar cumpre coas condicións da licenza outorgada e coa normativa urbanística do concello

Visto o informe do interventor municipal no que se fixa o porcentaxe dos recursos ordinarios que supón a o valor do terreo cedido o cal resulta determinante para a fixación do órgano competente

Acordado por decreto da Alcaldía a aceptación de dita cesión a súa elevación a escritura pública e a inscrición no Rexistro da propiedade

PROPOÑO

PRIMEIRO. A incorporación dos citados terreos ao Inventario Municipal de Bens para o seu destino a zona verde de conformidade co destino previsto nas normas urbanísticas coa calificación de ben de dominio público.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

5º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2008.-

Sométese á consideración da comisión a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa na súa versión enmendada:

En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o fosen naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación se non existe consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación.

Bolsa Vinculación	Denominación	Importe Actual	Dispoñible	Importe REC
1.2	Servizos de carácter xeral. Gastos en bens correntes e servizos	249.245,00	216.453,75	12.417,66
2.2	Protección civil e seguridade cidadá. Gastos en bens correntes e servizos	65.507,07	55.888,46	258,80
3.2	Seguridade, protección e promoción social. Gastos en bens correntes e servizos	153.872,64	123.556,02	406,23
4.2	Produción de bens públicos de carácter social. Gastos en bens correntes e servizos	1.322.197,00	1.049.268,89	8.864,20
4.6	Produción de bens públicos de carácter social. Inversións reais	2.105.579,05	1.764.874,62	8.423,84
5.2	Produción de bens de carácter económico. Gastos en bens correntes e servizos	265.150,00	212.102,20	697,05
7.2	Regulación económica de sectores produtivos. Gastos en bens correntes e servizos	107.245,16	74.762,20	641,80
TOTAL				31.709,58

Visto o informe emitido polo Interventor Municipal de data 11 de abril de 2008.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial de créditos por importe de **31.709,58 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se relacionan a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

Num.	Data rex	Data fact	Terceiro	Concepto	Importe	Partida
------	----------	-----------	----------	----------	---------	---------



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1	14/06/07	12/06/07	Ramón García Echevarría	Reparación Casa Abelairas por rotura con paleadora municipal	276,00 €	121,22604
2	23/01/08	21/01/08	Mª José Mon Maseda	Honorarios por curso de bordado en Cangas, Nois, Marzán e Fazouro en novembro 2007	585,74 €	463,22608
3	23/01/08	21/01/08	Mª José Mon Maseda	Honorarios por curso de bordado en Cangas, Nois, Marzán e Fazouro en decembro 2007	482,37 €	463,22608
4		07/09/07	Viking Direct	Grapadora eléctrica para oficinas xerais	44,06 €	121,22000
5	31/12/07	30/11/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación e material coche Policía Local LU-6590-L	258,80 €	222,214
6	14/03/08	14/12/07	Turgalicia SA	Participación como coexpositor en SITC 2007	341,59 €	751,22602
7	14/03/08	14/12/07	Turgalicia SA	Participación como coexpositor en Expovacaciones 2007	300,21 €	751,22602
8	13/03/08	31/05/07	la Voz de Galicia SA	1000 exemplares do día 10 de maio	500,03 €	463,22608
9	25/01/08	31/10/07	Suministros integrales de oficina SA	Papel A4 branco para oficinas municipais	201,78 €	121,22000
10	12/04/07	11/03/08	Universidade Santiago de Compostela	Elaboración da Relación de Postos de Trabajo 50%	9.000,00 €	121,22706
12	27/11/07	20/11/07	Quivacolor SL	Subministros de SF-60 para brigada obras	300,44 €	432,210
13		02/02/08	Pedro Fernández Marful	Desprazamentos durante o ano 2007 na súa función de concelleiro do grupo de goberno	390,83 €	111,231
14	25/01/08	30/11/07	Suministros integrales de oficina SA	Papel A4 branco para oficinas municipais	201,78 €	121,22000
15		26/02/07	Herbronce SLL	Placa de bronce para inauguración da piscina municipal	740,20 €	451,22601
16	29/02/08	20/09/07	Distribuciones Carreiras	Box 15 l. Revolto branco, para Laredo	60,90 €	451,22608
17	22/02/08	26/02/07	Mercería Paca	Lentejuelas para Raiñas do Antroido 2007	50,00 €	451,22607
18	13/02/08	29/12/07	Recambios Pepe CB	Líquido de freos para a escola Obradoiro	7,19 €	322,22609
19	13/02/08	15/12/07	Recambios Pepe CB	Líquido de freos e spray lubricante para a escola Obradoiro	16,38 €	322,22609
20	13/02/08	30/11/07	Recambios Pepe CB	Placa matrícula 9702CCB para a escola Obradoiro	10,46 €	322,22609
21	13/02/08	30/10/07	Recambios Pepe CB	Placa matrícula O9291BH para remolque	10,46 €	322,22609
22	28/01/08	31/12/07	Celso Míguez SA	Pintura e utensilios para pintar para o Pavillón	17,61 €	452,22608



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

				Torques de Marzán		
23	28/01/08	31/12/07	Celso Míguez SA	Tkron spray cromado para a Sala Bahía festas de Nadal	28,37 €	451.22607
24	28/01/08	31/12/07	Celso Míguez SA	Pizarra de corcho e marco de aluminio para operarios de lixo	12,70 €	442.22608
25	28/01/08	31/12/07	Celso Míguez SA	Moqueta Carthago vermello brillo para a Sala Bahía	36,42 €	451.22607
26	24/01/08	31/12/07	Ibersa pinturas	Recambio antigota e disolvente cloro caucho para pintar vados	17,57 €	511.210
27	19/12/07	18/12/07	Comercial Raymar	Saco pienso cans Pino 18 Kg para o almacén municipal	14,98 €	432.210
28	26/12/07	15/12/07	Construdeco Norte SL	Ladrillo para obra en "vivendas dos maestros" Nois	142,47 €	432.210
29	21/12/07	15/12/07	Bahía SL	Cemento e area para o almacén municipal	121,79 €	432.210
30	19/12/07	30/11/07	Baltasar Fernández Gil	Material para xardineria, recambios e pezas	260,61 €	432.213
31	19/12/07	30/11/07	Baltasar Fernández Gil	Reparación e pezas para maquinaria municipal	365,18 €	432.213
32	08/02/08	13/10/95	Julián Martín Castañeda	Servizos de procurador en proceso 245/95 no xulgado 2 de Viveiro	1.118,26 €	121.22603
33	08/02/08	13/10/95	Julián Martín Castañeda	Servizos de procurador en proceso 157/95 no xulgado 2 de Viveiro	1.131,61 €	121.22603
34	31/12/07	17/12/07	Talleres Cascarelo CB	Revisión de radiador e reparación para ITV vehículo LU-7823-T	361,74 €	322.214
35	31/12/07	14/12/07	Talleres Cascarelo CB	Revisión para ITV vehículo LU-4404-H	506,54 €	432.214
36	31/12/07	31/12/07	Construdeco Norte SL	Ladrillo para obra en "vivendas dos maestros" Nois	94,97 €	432.210
37	31/12/07	21/12/07	José Ledo Caserio	Facer e colocar porta de reemisor de Trasmonte	162,40 €	521.213
38	20/12/07	30/11/07	Ibersa pinturas	Disolvente universal para almacén	11,48 €	432.210
39	31/12/07	31/12/07	Cabaleiros xardín SL	Prantas e flores para xardinería	300,56 €	432.210
40	31/12/07	31/12/07	Marzán Gasoil SL	Roupa para operarios municipais	327,14 €	432.22104
41	31/12/07	31/12/07	Neumáticos San Esteban	Reparación de rodas de vehículo 9303DXR e pala mixta	88,16 €	432.213
42	31/12/07	31/12/07	Ferreteria Fuente	Subministros varios para brigada de obras	44,70 €	432.210
43	31/12/07	28/12/07	Baltasar Fernández Gil	Reparación e pezas para maquinaria municipal	61,00 €	432.213
44	31/12/07	14/12/07	Marei Costa SL	Varilla en rolo lisa de 6mm. Para carrozas de reis	70,64 €	451.22607



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

45	31/12/07	31/12/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal 9303 BXR	1.894,83 €	442.214
46	31/12/07	31/12/07	Electricidad Nuñez SL	Recambio lámpara H\$ 24v para o vehículo 9303 BXR	36,51 €	442.214
47	31/12/07	31/12/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal LU 6029N	17,40 €	442.214
48	31/12/07	31/12/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal 9303 BXR	27,77 €	442.214
49	31/12/07	31/12/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal LU 3294 P, camión obras	517,08 €	511.214
50	31/12/07	30/11/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal LU 4759 P	19,80 €	442.214
51	31/12/07	30/11/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación pala mixta VE7430BCT	57,68 €	432.213
52	31/12/07	30/11/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal 6752 DKJ	2,78 €	442.214
53	31/12/07	30/11/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal LU2621T	80,06 €	442.214
54	31/12/07	31/12/07	Electricidad Nuñez SL	Reparación vehículo municipal LU2621T	53,54 €	442.214
55	18/05/07	30/04/07	Electricidad Nuñez SL	Instalación eléctrica na Casa da Xuventude	8.423,84 €	432.622
56	18/05/07	30/04/07	Electricidad Nuñez SL	Material eléctrico para Centro social San Martiño	272,34 €	432.212
57	31/12/07	31/12/07	Cooperativa produción industrial Jocar	Lavado e engrase de vehículo 9303 BXR	139,20 €	442.214
58		31/12/07	María Sante Delantero	Revista Motor ocasión nº 101 para Biblioteca	2,00 €	451.22001
59		31/12/07	Rosa Alonso Rodríguez	Media dieta viaxe a Santiago por proxecto Diana 19/01/07	26,67 €	111.23000
60		31/12/07	Rosa Alonso Rodríguez	Desprazamento a Santiago por proxecto Diana 27/02/07	26,67 €	111.23000
61	23/01/08	08/11/07	Hebe Sport SL	Organización e arbitaxes de Torneos de verán	800,00 €	452.22608
62	29/01/08	26/11/07	Sonorama Electrónica	Reparación mesa control luces, lampara halóxena	171,03 €	451.22607
TOTAL					31.709,58 €	

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2008, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado na táboa anterior, nas que se realizará a correspondente retención.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Os gastos presentados en tanto xa foron efectivamente realizados e polo tanto deben ser aboados. Non obstante en determinadas facturas, como a da RPT e a dos curso realizados en Cangas debería haber máis previsión

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Imos votar a favor, son facturas de escasa contía de pequenas e medianas empresas da zona, non obstante o que se temos que manifestar é que, como di o informe da intervención, debe controlarse o gasto por area.

O SEÑOR ALCALDE: Este ano foi un auténtico éxito. Nun presuposto de máis de mil millóns de pesetas só houbo un desfase de cinco millóns por iso quero felicitar os meus concelleiros.



Sometido a votación o ditame é **aprobada con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e catro abstencións (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D^a María Luisa Prieto Fanego).**

6º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COA REALIZACIÓN DA OBRA DE “COLECTORES XERAIS E E.D.A.R. DE FORXÁN. FOZ (LUGO)” (OH.327.502).-

Sométese á consideración da comisión a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto o escrito remitido por Augas de Galicia no que se solicita a toma dun acordo polo Pleno da Corporación en orde a tramitación do expediente para a realización da obra “COLECTORES XERAIS E E.D.A.R. DE FORXÁN. FOZ (LUGO)”, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobar o anteproxecto remitido dende Augas de Galicia
2. Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do cen por cen do custo das obras
3. Adoptar o compromiso de entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras así como todas as autorización administrativas necesarias para a realización destas
4. Renunciar de forma expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon o imposto de carácter local con motivo das obras
5. Expoñer o anteproxecto durante 20 días hábiles a partir da publicación do anuncio no BOP
6. Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución
7. Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización
8. Facultar ao sr. Alcalde para solicitar o financiamento.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR ALCALDE: A depuradora que temos actualmente en Foz non dá abasto, ten problemas de olores, de situación,... e non foi este Alcalde o que decidiu a súa situación. Este é un proxecto moi importante que virá a solucionar moitos problemas, a obra é necesaria e fixéronse importantes xestións para obtela. En canto á súa localización: buscárona os técnicos, cren que é a mellor. Agora podemos enriquecer o proxecto coas opinións veciñais.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Nós non imos dicir que non a un saneamento para Foz. Iso se o que está claro é que nesa busca dos lugares máis idóneos non se contou cos veciños que son os máis afectados. Se aos veciños se lles escoita, se veñen os técnicos a informar sobre o expediente, se lles dá a posibilidade de participar, ... poderanse atopar solucións. Por iso propoñemos que quede o asunto sobre a mesa

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Obviamente temos problemas de olores, de situación, de capacidade, ... en relación co saneamento... Es unha obra necesaria pero, unha vez máis, a forma de levar o asunto non foi correcta como non o foi co Plan eral, co corredor... queremos que haxa información efectiva para que a xene poida coñecer o asunto. Por iso propoñemos que se deixe sobre a mesa e que non continúe o expediente.

O SEÑOR ALCALDE: Non temos problema ningún en deixalo sobre a mesa. Nós gobernamos polo interese xeral pero hai que deixar claro que a obra hai que facela porque se non perderemos o diñeiro

O Pleno Municipal acorda deixar o asunto sobre a mesa para unha mellor discusión **por unanimidade.**

7º-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NO CONCELLO DE FOZ.-

Sométese a consideración a seguinte moción do Grupo Municipal do BNG ditaminada favorablemente pola comisión informativa coia parte resolutoria di:

Que o Concello de Foz elabore para a súa aprobación unhas bases que regulen a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídicas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial así como para o mantemento dos equipamentos

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Con esta proposta o que queremos fomentar é a transparencia na vida pública. Por iso solicitamos a aprobación dun regulamento que facilite a concorrència garantindo a publicidade das convocatorias e que o outorgamento de subvencións se realice baseándose en criterios obxectivos previamente fixados

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Nós estamos de acordo con BNG pero consideramos que debería traer un proxecto para poder ver cuales son os criterios que considera adecuados e así poder debatelos.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR CANCIO RODRÍGUEZ: É unha proposta que podemos debater entre todos os grupos pero deixando claro que, neste Concello, se fixan condicións para a condición de subvencións.

O SEÑOR ALCALDE: Neste Concello nunca houbo queixas pola concesión de subvencións. O que non vou aceptar é conceder subvencións por non facer nada.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

8º- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A DOTAR AO PUNTO LIMPO DE ILUMINACIÓN.-

Sométese a consideración a seguinte moción do Grupo Municipal do BNG ditaminada favorablemente pola comisión informativa coia parte resolutoria di:

Que o Concello de Foz instale alumeadado público no Punto Limpo

A CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO, SRA. INCERA ARES: Par este asunto xa pedimos unha subvención ao obxecto de dotar o punto limpo de electricidade. Estamos coa redacción do proxecto e a fixación de prezo.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Esta petición xa a realizamos hai meses, deberíase acometer antes

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

9º- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE USO DAS CASETAS DA PRAIA DA RAPADOIRA.-

Sométese a consideración a seguinte moción do Grupo Municipal do BNG coia parte resolutoria di:

Que o Concello de Foz elabore para a súa aprobación unhas bases que regulen o uso das cabinas-vestiarios de praia da Rapadoira

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Ao BNG parécelle preciso arbitrar un sistema máis xusto e menos arbitrario que o actual fixando unhas condicións para poder acceder ao uso das devanditas casetas sen que se convertan nunha concesión a perpetuidade. Ademais débese garantir que se utilizan para o uso previsto. Por todo iso é precisa a redacción dun regulamento. Non queremos quitar nada a ninguén o qu queremos é que todos gocen de algo que é público e especialmente os que máis o necesitan

O SEÑOR ALCALDE: No seu día abriuse unha lista para obter as casetas. O que chegou tarde a apunto en espera. A día de hoxe hai cento dezaseis en lista de espera. Non quero cambiar de criterio dun día para outro, non me gusta o quita te ti para poñer eu. Así mesmo temos que ter en conta que está en terreo de costas. Se vostede atopa unha solución apoiareino pero dubido que a atope.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Unha vez máis dígolle que traia unha proposta máis definida. Non nos parece que dun día para outro poida quitar aos que gozan das casetas pero se vemos que se poden buscar alternativas como por



exemplo pechar a lista.

Sometido a votación a proposta **é aprobada por unanimidade**

10º-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á REALIZACIÓN DE OBRAS DENDE O CONCELLO EN ORDE A REPARACIÓN DE CAMIÑOS E PISTAS.-

Sométese a consideración a seguinte moción do Grupo Municipal Popular ditaminada favorablemente pola comisión informativa e emendada de verbo polo seu propoñente ante o Pleno Municipal coia parte resolutoria di:

- Se produza o rozado e limpeza dos camiños públicos que dan acceso os montes, independentemente que teñan eses montes situados a máis de cincuenta metros das casas. Para elo propoñemos que esas actuacións sexan levadas a cabo por parte do persoal do Concello, si fora posible, ou ben elevar esta proposta a Consellería de Medio Rural para que habilite os medios necesarios para tales fins.
- Para todo isto aportamos unha relación de pistas e camiños forestais susceptibles de actuación, a saber:

Camiño que vai dende Rivela en Cangas a carretera do Lavadeiro en Cordido.

Dende o Rego en Cordido o enlace coa parroquia de Nois no barrio de Brea.

O camiño que ven dende o Concello do Valadouro pasando entre as parroquias de San Acisclo e Cordido.

O que vai dende Leardos o límite con Fazouro

En Fazouro do Rego do Foxo a Trasmonte

De Mornelos o redor da Fraga das Castañadas

Na zona do Santo, tamén en Fazouro.

En Villaronte,

Camiño dende o Alto do Buxo pasando polo chao do Bidreiro a Fonsavidal.

Dende o Alto deo Buzo a Areeira e o Viduido ata a Pasada



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Dende a granxa de Redondo a Pasada.

En Santa Cecilia,

De Teixeira a Folgosa.

Dende a Capela de Vilacizal hacia a Penela.

Camiño de Lousada o cruce de Pedradita.

Hacia a Ferrería dende O campo dos Bois ata a Ponte de Primo.

En San Acisclo,

Dende Casanova a Valmayor onde lle chaman A Cayona.

Dende Vilares ata A Granda.

Pista dende O Foxo, onde están os depósitos, a Vilacizal, en Penadrada.

En San Martiño,

Camiño de Ferreiravella ata os montes do Vilar e Loureiro.

Congostra de Campovello, (en Vilela), ata a Fragaliña que desemboca na pista que vai O Cristo ou Cruz de Lobería e a Trasmonte.

Camiño da Aguea dende a fonte de Quintela ata os Cales, sube a Porraelle e desemboca nas Fragaliñas, que chaman Campovello (de Vilela o Cristo).

De Ferreiravella ata o Chao da Cerca.

Dende o Decimal a Rio Mayor e ata a Hermida.

- Que se solicite as asociacións de veciños que remitan unha relación de todas as actuacións precisas relativas ao arreglo de viais para a súa remisión dende o Concello á Consellería de Medio Rural

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Visto o estado de abandono en que se atopan estas pistas solicitamos que se realicen as actuacións que se recollen na moción. A día de hoxe son camiños intransitables. Con estas actuacións evitaríanse prexuízos importantes en caso de incendios posto que no estado actual os servizos de extinción non poderían acceder.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR ALCALDE: O de abandono paréceme excesivo, non obstante estamos de acordo en todo o que se pide, sempre estamos por o medios rural. Ha de terse en conta que temos cen quilómetro cadrados de termo municipa e que existen moitas pistas.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Estes camiños solicítanse todos os anos, o que hai que facer é un plan de arranxo de camiños fixando as prioridades de actuación.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

11º- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á REPARACIÓN DE DISTINTAS FONTES.-

Sométese a consideración a seguinte moción do Grupo Municipal Popular ditaminada favorablemente pola comisión informativa coia parte resolutoria di:

PETICIÓN DE ACTUACIÓN

- FONTE DE VILELA.

Se repare e acondicione axeitadamente, de tal maneira que a auga discorra polo seu canle natural. Non é de recibo que unha vez arranxada en anterior actuación a auga se vaia por outro camiño e non poida ser aproveitada nin por gando nin por xente.

-FONTE DE XINZO.

Se limpe e repare a perda de auga, xa que hai canos que non corren por estar tupidos de maleza e terra. O mesmo tempo pedimos tamén se limpe o lavadoiro que hai ó seu carón.

-LAVADEIRO NO REGO DE MAÑENTE.

Limpalo e conectarlle a auga, xa que a maioría vaise por fora o estar o rego cheo de gandallada.

Tamén aproveitamos para solicita se limpen e acondicionen os accesos ó mencionado lavadoiro para que poidan pasar os coches pois a pista está toda chea de herba de maneira que máis parece unha carrilleira que un acceso coma os demais, a ser posible estaría ben que se asfaltase.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Estas fontes



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

atópanse nun estado deplorable e penoso en todos os sentidos. A pena é que nalgúnhas delas se investiu diñeiro para recuperalas e agora déixalles botar a perder

O SEÑOR ALCALDE: Dende o goberno municipal recuperamos corenta e tres fontes, non pode dicir que as abandonamos. Por suposto que pode haber deterioracións pero os imos solucionar.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Son o goberno e teñen obriga de buscar e solucionar os problemas de infraestruturas. Como en todo non hai dirección, aquí fai falta un plan de rehabilitacións que fixe que é o que hai que facer e iso prazos para desenvolvelo.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

12º- MOCIÓN DE APOIO Á DECLARACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.-

Sométese a consideración a seguinte moción ditaminada favorablemente pola comisión informativa coia parte resolutoria di:

1. Mostrar a satisfacción desta Corporación pola designación, por parte do “Consejo del Patrimonio Histórico Español” da Torre de Hércules como candidata a ser incluída na prestigiosa e restrinxida Lista de Bens do Patrimonio Mundial.
2. Apoiar á candidatura da Torre de Hércules ante o “Centro de Patrimonio Mundial de la Unesco”, tendo en conta que é o único faro romano que leva alumeando as rutas dos Atlánticos mares dende hai dous mil anos; tamén polo seu significado como seña de identidade da cidade da Coruña e por ser un dous monumentos máis relevantes e representativos de Galicia
3. Trasladar este acordo ao “Consejo de Patrimonio Histórico Artístico Español”, ó Concello da Coruña para que sexa incluído no expediente de apoio á candidatura

Sometida a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

Fora da orde do día sométese a consideración do Pleno Municipal as seguintes mocións urxentes:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA ÁS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO.-

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte moción coia parte resolutoria di:

1. Instar a Xunta de Galicia a enriquecer as Normas do Hábitat Galego coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadas coa FEGAMP, e os sectores empresariais e profesionais afectados e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos Concellos galegos
2. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Transportes, á FEGAMP e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: O primeiro que temos que manifestar é que non estamos en contra da norma na súa totalidade senón en determinados aspectos. Temos claro que vai facer subir o prezo dos pisos posto que a edificabilidade se reduce. Ademais invádense competencias municipais de forma clara. O que pedimos é que se rectifique a norma e que se faga dende o consenso posto que o BNG non consensuou con ninguén

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: ¿Por que están en contra desta norma? ¿non queren que se fagan vivendas dignas e de calidade? O que defenden é intereses gremiais e sectoriais. O prezo, e así demostrouse, non vén fixado por estas normas. O que se consegue coas normas do hábitat é poñer en primeiro lugar o interese xeral.

O SEÑOR ALCALDE: As normas do hábitat teñen as súas cousas boas e as súas cousas malas, temos claro que o prezo vai subir, por iso sería bo que se enriquecesen esas normas sobre a base do diálogo. Se se emenda neste sentido podemos aceptar a súa moción.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Asumimos a emenda.

Sometida a votación a moción **é aprobada con dez votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D^a María Luisa Prieto Fanego) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AS INFRAESTRUCTURAS PARA TRAER O GAS AO CONCELLO.-

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte moción coia parte resolutoria di:

Dirixirse ao Ministerio de Industria solicitándolle que axilice a resolución e aprobación das



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

retribucións precisas para a execución das actuacións de gasificación conveniadas entre a Xunta de Galicia e a empresa Gas Galicia para dotar deste servizo, entre outros , ao noso Concello.

Sometida a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á LIMPEZA DE PARCELAS NO CONCELLO DE FOZ.-

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte moción coia parte resolutoria di:

Que o goberno municipal ordene aos propietarios dos terreos que non cumpran coas normas legais vixentes a que manteñan as súas parcelas nas condicións de seguridade, hixiene e ornato público esixidas e a que no prazo de dous meses o Concello, conforme ao procedemento legalmente constituído, actúe de oficio e execute os traballos de limpeza naquelas parcelas que non cumprisen coa orde dada

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: O que queremos é que se obrigue os propietarios a que limpen as parcelas.

A CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO, SRA. INCERA ARES: Non podemos entrar en terreos particulares sen autorización, o que se está a facer é requirir os veciños outorgándoos un prazo, senón aténdeno múltaselles. O que é imposible, polo propio procedemento, é realizalo no prazo de dous meses.

Sometida a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS

PP

- 1) Que procedáse á apertura das cunetas na pista que une Lamallada coa estrada que vai dende Nois a Moucide e se é posible asfáltese
- 2) Que se reparen os depósitos de auga contra incendios de Cordido, os seus accesos e ámbito para que poidan cumprir coa súa finalidade
- 3) Que procedáse á roza e limpeza da rúa Pasadoiro así como dos seus terreos lindantes e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

actúese fronte a unha vivenda en estado ruinoso no devandito ámbito para evitar accidentes

BNG

- 1) Na vila existen farois sen caixas e cos cables eléctricos á vista, que se proceda ao seu arranxo.
- 2) Que se de publicidade ás convocatorias de axudas que se publiquen no DOGA mandándoas ás asociacións veciñais

PREGUNTAS

PP

- 1) Denunciáronse carreiras ilegais de motos no Campo dá Cabana ¿que pensa facer?
O SEÑOR ALCALDE: Non recibín informe da policía local sobre a materia, mañá solicitarei información
- 2) Hai licenzas de obra próximas a caducar ¿que medidas vai tomar sobre a materia?
O SEÑOR ALCALDE: Se non hai expediente de caducidade a licenza está plenamente en vigor. Se coñece algún caso denúncieo
- 3) ¿De quen son culpa as obras na vía de acceso en Vilaxoane?
O SEÑOR ALCALDE: Son da empresa, así dixérono os técnicos, e vanse facer cargo, ata entón non recepcionaremos as obras

BNG

- 1) Convenio con Vialmar para utilizar o soar do cinema como aparcamento ¿quen vai correr cos gastos de adecuamento?
O SEÑOR ALCALDE: Se nolo ceden gratuitamente asumirao o Concello.
- 2) ¿Sabía en que situación se atopaba o depósito de Fazouro?
O SEÑOR ALCALDE: Non había coñecemento, se o houberamos coñecido mandaríamos a alguén a revisalo. Foi unha desgracia.

Non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión, sendo as 23:00 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta, de que eu o Secretario dou fe.-

O Alcalde

O Secretario

Asdo. José M^a García Rivera

Asdo. Diego Ballina Díaz